

APROBACIÓN PROVISIONAL DA IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DUNHA CONTRIBUCIÓN ESPECIAL PARA A FINANCIACIÓN DA AMPLIACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE INVESTIMENTO PRESENTADO POLO SERVIZO CONTRA INCENDIOS. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2019114118)

Anuncio aprobación provisional

O Pleno do Concello de Ferrol, en sesión celebrada o día 29 de decembro de 2021, en cumprimento do disposto nos artigos 15.1 e 34.1 e 3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL, en adiante), aprobou provisionalmente a imposición duna contribución especial pola ampliación do servizo de extinción de incendios do Concello de Ferrol, cúa Ordenanza figura como Anexo de dito acordo.

O importe do custo previsto da ampliación do servizo de extinción de incendios é de 425.982,87 euros, conforme ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/10/2021, sendo o importe para repartir entre os beneficiarios (compañías de seguros que desenvolven a súa actividade no ramo de incendios no termo municipal de Ferrol) o 90 por 100 do mesmo, proporcionalmente ao importe das primas recadadas nos anos 2019 e 2020.

Polo que, de conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 107 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como no artigo 17 do TRLFL, sométese o presente acordo provisional, así como o texto da Ordenanza fiscal anexa ao mesmo, a información pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Ferrol. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este prazo poderán consultar o expediente e presentarse as reclamacións e suxerencias que se estimen oportunas, entendéndose definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo expreso polo Pleno do Concello no suposto de que, no prazo sinalado, non se tivera producido ningunha reclamación ou suxerencia. O acordo definitivo de imposición e ordenación da contribución especial e o texto íntegro da Ordenanza Fiscal deberán ser publicados no Boletín Oficial da Provincia, producindo efectos o día seguinte ao da súa publicación e permanecendo en vigor ata a desaparición do obxecto da mesma ou ata a súa modificación ou derogación expresa

Ferrol, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP nº 137 de 22/07/2019)